

ARTE

A arte flamenga na súa difusión desde Compostela

¶ A Virxe de Prima centra a mostra 'Stella Peregrinantium' que amosa moitos dos máis valiosos exemplos da expresión artística que vestiu Europa desde os Países Baixos

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

A Virxe de Prima, obra realizada en 1526 para a capela do mesmo nome da catedral compostelá, constitúe a imaxe en torno á que xira a mostra de San Martiño Pinario. Unha oportunidade practicamente única de ampliar coñecementos sobre un período concreto da arte realizado nos antigos Países Baixos e de poder admirar a maneira de facer do artista Cornelis de Holanda, coñecido en Galicia por outras moitas obras. ¿A que galego se lle pasou desapercibido o exterior da pontevedresa igrexa de Santa María? ¿Cantos meditaron ante o retablo maior da catedral de Ourense ou Lugo? Todas son obras do mesmo artista, un dos máis representativos dos moitos vidos do Norte, que transportan as súas fórmulas vinculadas ó gótico tardío e ó chegar á Península as fusionan coa renovada linguaxe proveniente de Italia denominado 'á romana'.

O grosso principal da exposición conformano a escultura de finais do gótico nos Países Baixos, con obras pouco ou nada coñecidas; o itinerario iníciase con actividades en auxe naqueles momentos de florecemento artístico. Ocorre coas prácticas do gravado. Este alcanzou enorme difusión no eido popular e influenciou as composicións de moitos escultores. Dentro da renovación da devotio moderna, corrente que cobra forza nestas datas que analizamos, finais do XV e principios do XVI, como propulsora da espiritualidade máis interior e sentida, non é de estrañar que aumente a devoción á figura de Cristo e un sentimento de piedade máis sincero. É normal, entón, que entre os seus temas devocionais figure a paixón de Cristo. Na exposición podemos contemplar a serie de *A paixón redonda* denominada así por se desenvolver en círculo, de Lucas van Leyden. Son moitos os artistas holandeses do gravado que estarán influenciados pola obra de Dureiro. Máis tarde, os flamencos crearán unha escola que vai influir por toda Europa estendendo fórmulas incorporadas á nova moda de clasicismo italiano. Un exemplo fórmoo a obra de Lambert Suavius *En enterro de Cristo* cuxa pose remite a formas clásicas de Tiziano.

A elevadísima produción de Tapices, alcanzou gran de manda en Europa a mediados do XVI. O aquí representado, *Nacemento de Cristo*, é un ra-



Detalle da Virxe de Prima en San Martiño Pinario

ro exemplar desde o punto de vista iconográfico, ó incorporar sete figuras femininas, tal vez virtudes ou Sibilas. Se lle debe moito o tapiz á escultura e pintura, o diálogo pintura, escultura vai ser continuo. Isto refléctese na magnífica *Anunciación*, do taller de Roger van der Weyden. Ambientada nun dormitorio burgués, é unha composición que vai ter un longo séquito de continuadores. A súa influencia deixárase sentir en autores como Adrian Isenbrandt, o mestre da lenda da Magdalena (capiña Real

Todas son obras do mesmo artista, o máis xeniais dos vidos do Norte

de Granada). O transvase escultura-pintura obsérvase no grupo escultórico *A paixón da Virxe*. A intensidade dramática e a expresión interior debe moito ó célebre *Descendemento da Cru'* obra pictórica de Roger Van der Weyden.

O *Ecce Homo* de Jan Gossaert introduce o nu de compoñente clásico na arte flamenga. Outro tema frecuente, do que Stella Peregrinantium nos ofrece mostras, é a *Sagrada familia* cuxa composición tanto pictórica como literaria ou escultórica asume un papel alocador do papel da muller e os ideais familiares na sociedade do momento.

Do núcleo de esculturas seleccionadas dos centros principais de produción artística dos Países Baixos sobresaen o *Cristo sobre a Pedra Fria*, da escola de Amberes. Tema de grande aceptación popular setentrional e que debido, entre outros factores, ás importantes relacións comerciais e a exportación difundíuse alén as fronteiras. Cristo nu e sentadunha pena esperando a crucifixión, é un tema con exemplos na catedral de Burgos e en Alemaña, entre outros países. Dita escola caracterízase pola amplitude e voluptuosidade dos drapeados. A escola de Malinas está aquí representada por imaxes de pequeno formato e rostros amables perceptibles en temas da Virxe co Neno. Imaxes tan pequenas, similares a pulsos, destinábanse a conventos femininos para a devoción privada. Destaca a *Virxe co Neno* do mosteiro de Santa Cruz de Vitoria.

Tipos iconográficos con gran difusión noutros países serán *O Neno Xesús nu*. Alemaña e España explótaos incansablemente. Santos repítese por todas as partes, como Santa Bárbara, Santa Úrsula; contribúe a iso a repercusión da Lenda Dourada de Diego da Remuño. Outros como San Antonio, San Cristóbal ou San Roque son representativos por previr un mal da época, os andazos de peste. No eido estilístico moitos dos canons incorporan curvaturas clásicas. Os talleres de Lovaina

abondan na iconografía da paixón de Cristo, cuxos exemplos se estender a Flandres e Francia, entre outros países, para dar vida de novo ó sufrimento de Cristo e propiciar con iso as meditacións.

Da escola de Utrech é extraordinaria a figura do profeta Jesé, punto de partida para a difundido árbore de Jesé que presenta a xenealoxía de Cristo mirando para o ceo ata a culminación da súa descendencia, tema con grande éxito no XV e o XVI.

Co que respecta ó noso país, foron moitos os escultores flamencos activos na Península, seguindo o camiño das cruzadas e as peregrinacións, cando non do comercio. A exposición exhibida en San Martiño Pinario mostra obras de estilo flamenco de centros artísticos (onde se constata a actividade de artistas nórdicos) tan significativos como Toledo, Sevilla, León, Burgos, Valladolid, Zamora ou Salamanca. A peculiaridade da arte hispana flamenga está en presentar matices máis expresionistas e maior dureza nos drapeados. Deste fructífero capítulo da Historia da arte no noso país, móstrase 'a piedade' do taller de Simón de Colonia, cuxa temática é solicitada para prácticas devocionais; unha virxe en Adoración de Gil de Siloé ou en relevo da Resurrección de Lázaro' do artista Neerlandés Gil de Brabante, establecido en Huesca. Outras zonas peninsulares demandan imaxes devocionais. A *Virxe Blanca* de Juan DESI, na Seo de Zaragoza ou O Cristo da Lagoa, de Louis Van der Vule.

En canto ós artistas nórdicos máis influentes en Galicia destacar o mestre Arnao, co seu retablo da capela de San Bartolomé, na catedral de Santiago; Sixto de Frisi polas viadeiras do Hospital Real de Santiago e a significativa Virxe de Prima, que aínda presentándose como virxe apocalíptica, apréciase a entrada das formas renacentistas, é dicir, a un artista aberto a novas formas de renovación artísticas.

Un período histórico amplamente estudado a través dun rigoroso catálogo, coordinado polo comisario xeral de exposicións do Xacobeo 2004, o catedrático José Manuel García Igrexas e o comisario da mostra Francisco José Galante, completa a grande exposición con textos de reconecidos e prestixiosos críticos de cuxo estudio se tentou ofrecer aquí un extracto.

CINE

Delicadeza e fermosura que deixa fría a luz de Vermeer

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



GIRL WITH A PEARL EARRING

Director: Peter Webber

Intérpretes: Colin Firth, S. Johansson, Tom Wilkinson

País: Reino Unido

Da novela *Girl with a pearl earring* escrita por Tracy Chevalier, e da que xa van no Reino Unido 32 edicións, dixo o *Time* que era unha perla de novela. Nela cóntase a sutil e misteriosa relación que se establece entre o xenial pintor Vermeer e unha criada, case unha nena, que había de acabar sendo inspiración, colaboradora e modelo dun dos seus máis coñecidos cadros exposto no museo Mauritshuis de Holanda.

O director Peter Webber leva a historia á pantalla cunha delicadeza e fermosura indubidables. Cunha ambientación sobresaiente, unha mesura e fotografía perfectas crea un clima adecuado para entender as relacións, dependencias e conflitos dunha familia católica na sociedade flamenga do século XVII, así como as contradicións do creador e a fascinación que sobre a adolecente exerce. A protagonista do filme é Griet (Scarlett Johansson), a criada nena segura, firme, cos ollos sempre aleutos para aprender dos encadres, dos obxectos, da cor, da luz que manexa Vermeer. Sobre todo da luz, porque se dixen que a protagonista é a criada máis ben debería dici-la luz que imita os cadros do pintor. Unha luz que pousa só nos ollos, nos beizos trémulos, na cor das meixelas, na chisca de brillo da perla suspendida da orella.

Hai luz e mesura, encadre e foto fermosa na película de Webber. Máis o cine non é un cadro. A fermosura de cada toma, a minuciosidade nos encadramentos e a solemnidade de cada ambiente deixan fría e lenta, parsimoniosa.

Tan pormenorizada exposición de obxectos e paisaxes, miradas e luz tenue, perden valor ó carecer dunha disección máis dinámica e compasada da paixón e vida interior que só se intúe. Excesivamente estática, diluídas as arterias de máis intenso tráfico de desexos, gozamos si coa delicada historia dun fermoso cadro, pero un lamenta non ver máis que a luz que lle serviu a Vermeer para pintar luz. Mesmo Scarlett Johansson, preciosa, paréceme que podería dar máis.